

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE GUITARRA

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO D 163/2015)

Debido ás Instrucións do 27 de abril de 2020, para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia no seu punto **11. Ensinanzas Artísticas Superiores**, seguindo a Orde EFP/365/2020, de 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, no primeiro punto do anexo III.5, e tendo en conta o Acordo do Consello da Xunta do 12 de marzo de 2020, no que se adoptaron medidas preventivas en materia de saúde pública que foron seguidas da declaración, o 13 de marzo, da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, se establecen as seguintes modificacións para esta programación:

➤ No referente aos **critérios de avaliación**, estes se adaptaron á evolución e as características propias do alumnado, promovendo a evolución acorde co traballo realizado e o que se tiña xa establecido na programación da materia inicialmente.

➤ No referente aos **procedementos de avaliación**, se realizaron as adaptación metodolóxicas necesarias, dando a materia en modalidade online e facendo un seguimento mediante e-mail e mensaxería instantánea tanto do traballo como das dúbidas derivadas deste. As probas se realizarán na modalidade online, na que as respostas serán enviadas por vía telemática ao e-mail do docente no tempo e circunstancias que se acorden.

CURSO 2019-2020

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN							
DISCIPLINA: TRABALLO FIN DE ESTUDOS - TFE							
ESPECIALIDADE:	Interpretación ou voz				ITINERARIOS:	Guitarra	
CARÁCTER:					TIPO DE CLASE:	INDIVIDUAL	
DEPARTAMENTO:	Guitarra				XEFE DE DPTO.:	Eulogio García Fdez-Albalat	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:	Eulogio García Fdez-Albalat	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	Horas de clase semanais: 1 h
ECTS/CUAD.							10
DOCENTES:	NOME E APELIDOS				EMAIL/TEL/WEB	TITORÍA	
	Eulogio García Fernández Albalat				albalat.xunta@gmail.com	Lunes: 08:00 - 10:00h Martes: 12:30 – 13:30h Mércores: 11:00 – 12:00h Xoves: 12:30 – 13:30h Venres: 09:30 – 10:30h	
	Rodolfo García Alonso				rodolfo.garciaalonso@gmail.com	I Cuat: Miércoles 13:00-14:00h II Cuat: Mércores 12:00–13:00	

## 2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS

**DESCRITOR:** Proposta dun programa de concerto coa elaboración dun traballo académico correctamente documentado que versará sobre diversos aspectos do desenrolo curricular da especialidade interpretativa de guitarra ou repertorio do propio instrumento. Admitiranse tamén sobre calquer tema relacionado coas materias propias da especialidade impartidas ao longo da carreira, inclusive de forma transversal. Deberá contar cun modelo de estruturación, busca de información, utilización das oportunas ferramentas, consulta e datación das fontes co fin da elaboración dun documento destinado a fomentar a adquisición de competencias en investigación. Deberá ter unha duración mínima de 5500 palabras.

Pola súa banda, o concerto en lugar de ter unha duración de entre 45 é 70 minutos, con descanso opcional non computable e que non supere os 15 minutos, será suficiente con una duración de 25 minutos.

**COÑECEMENTOS PREVIOS:** Son coñecementos previos todos os conducentes a consecución do Título Superior de Música.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, 2, 3, 4, 5, 6, 8, 14, 15, 16
----------------------------	----------------------------------

COMPETENCIAS XERAIS:	X2, X3, X5, X6, X7, X8, X10, X13, X21, X25
----------------------	--

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	E11, E12, E3, E4, E5, E6, 8, 10
---------------------------	---------------------------------

Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015 anexo II

## 3. OBXECTIVOS

DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Interpretar un concerto público de acordo cos requisitos esixibles.	Todas as relacionadas no apartado 2
Realizar un traballo académico que permita comprobar que o alumno é capaz de integrar, sintetizar e aplicar os coñecementos teóricos, prácticos e artísticos adquiridos a través das ensinanzas cursadas, e de buscar e seleccionar información valorándoa de maneira crítica.	Todas as relacionadas no apartado 2

## 4. CONTIDOS

TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Interpretación do repertorio	1.1 Elección do repertorio. 1.2 Interpretación en público.	
2. Traballo académico	2.1 Elección do tema do traballo 2.2 Desenrolo da información 2.3 Exposición e defensa	

**TOTAL SESIÓNS:** 16 Sesións en cadanseu catrimestre

Debido ao exposto ao principio desta PD, o traballo se establece en modalidade online, no que se realiza o traballo individual e en conxunto necesario para a consecución dos obxectivos reflectidos no punto 3 desta programación.

## 5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Proposta, estudo e interpretación dun concerto		224	224
Proposta, elaboración, exposición e defensa dun traballo académico		60	60

Titorías e probas	16		16
<b>TOTAL HORAS:</b>	16	284	300h 10 ECTS

Debido ao exposto ao principio desta PD, o traballo se establece en modalidade online, no que se realiza o traballo individual e en conxunto necesario para a consecución dos obxectivos reflectidos no punto 3 desta programación.

### 6. DESCRIPTORES DE PLANIFICACIÓN

TIPO DE ACTIVIDADE	DESCRIPCIÓN DA METODOLOXÍA
Actividades introdutorias	Planificar e decidir tanto o repertorio do concerto como o tema do traballo académico
Titorías	Guiar e asesorar ao alumno para a preparación das probas.
Desenrolo das probas	Realización das dúas probas a práctica e a teórica

### 7. AVALIACIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
---------------------------	-------------------------	------------------------	-------------

#### AVALIACIÓN DO CONCERTO 80% da nota final

ACTIVIDADE: Interpretación pública dun programa de concerto.			
Dominio técnico instrumental		T1, T13, T15, X3, E1, E4.	40%
Madurez artística		T2, T9, T10, T13, TX16, X1, X2, X3, X5, X7, X9, X12, X13, X14, X21, X23, E1, E2, E3, E4, E5, E8, E10	50%
Interese artístico e técnico do repertorio presentado.		T13, X6, X11, X21, E11, E15, E110	10%

Esta avaliación poderase realizar en modalidade online debido as medidas especiais reflectidas nas Instrucións do 27 de abril de 2020

#### AVALIACIÓN DO TRABALLO ACADÉMICO: 20% da nota final

ACTIVIDADE: Exposición e defensa do traballo académico			
Correspondencia do traballo coa proposta feita		T1, T3, T6, T8, T14, X12, X17, X18, X26	10%
Coherencia no desenrolo da metodoloxía		T1, T3, T6, T8, T14, X12, X17, X18, X26	10%
Rigor científico do traballo		T2, T4, T5, T13, T16, T17, X5, X13, X14, X15, X16, X19, X20, X24,	30%

		X25, X27	
Interese e orixinalidade do traballo		T1, T3, T6, T8, T14, X12, X17, X18, X26	30%
Exposición e defensa		T7, X10, X18, E6	20%
Esta avaliación poderase realizar en modalidade online debido as medidas especiais reflectidas nas Instrucións do 27 de abril de 2020			

## 8. OBSERVACIÓNS

- O 21 de outubro publicarase no tabuleiro de anuncios a listaxe con asignación dos profesores titores para o TFE
- Proposta dirixida ao departamento da súa especialidade, do tema concreto que pretende desenvolver e do programa a interpretar. As propostas presentaranse na secretaría administrativa do centro cumprimentando o modelo correspondente, que deberá levar a aprobación inicial do titor asignado. A data límite será o 15 de novembro. A proposta do tema constará alomenos dos seguintes puntos: Título, Xustificación e Índice xeral. Esta solicitude cumprimentarase na web do centro (no apartado de secretaría), procedendo á súa posterior impresión e entrega na secretaría administrativa do centro.
- Acceptación da proposta por parte do Departamento, que terá de prazo para resolver ata o 27 de novembro . De non considerarse idónea a proposta formulada, o/a alumno/a deberá aceptar os cambios propostos polo departamento ou formular unha nova proposta. Neste caso, o/a alumno/a disporá dun prazo de 10 días naturais en período lectivo, para reformular a súa proposta. Se ao longo do desenvolvemento do traballo xurdise a necesidade de modificar o programa do concerto de TFE, o/a alumno/a solicitarao mediante instancia dirixida ó departamento correspondente, e unha vez revisada a petición, resolverá o que proceda, informando directamente ó/a alumno/a a través do correo electrónico. O prazo para presentar a proposta de modificación será o que determine o departamento correspondente, reflectido na programación docente do TFE. En caso de que o cambio sexa aprobado polo departamento, éste deberá ser comunicado á dirección.  
**OS ALUMNOS QUE APROBEN DISCIPLINAS NAS DATAS DE ADIANTO DE CONVOCATORIA E SE MATRICULEN DO TFE EN DECEMBRO REALIZARÁN A SOLICITUDE DE TITOR E A PROPOSTA DE TEMA ENTRE O 14 E O 18 DE DECEMBRO. A ACEPTACIÓN DA PROPOSTA POR PARTE DO DEPARTAMENTO REALIZARASE ANTES DO 12 DE XANEIRO.**
- O/A alumno/a entregará o traballo na secretaría do centro nas datas que se determinen a tal efecto, que con carácter xeral ha de ser posterior á publicación das cualificacións e en calquera caso, con **tres semanas de antelación sobre a data do exame**. En caso de non presentalo no prazo establecido non se convocará o tribunal e o alumno non poderá realizar o exame. Presentarase no formato establecido na Circular 10/2014, apartado 3.2, e cumprimentando o formulario correspondente, que levará o visto bo do/a profesor/a titor/a. Entregarase unha copia en papel debidamente encuadernada, máis unha copia en formato dixital, que será enviada ó correo de vicedirección@csmcoruna.com xunto co programa a interpretar e toda canta información se queira aportar para a elaboración dos programas de man, que alomenos deberán conter: programa a interpretar (autor, obra, movemento, etc.), músicos participantes (de ser o caso), breve currículo do/a alumno/a, mais o que cada departamento especifique ó respecto na súa programación do TFE. Os programas de man e carteis serán elaborados polo centro.
- Ademáis do traballo académico, os/as alumnos/as realizarán un concerto público.

**Deberá consultarse a circular vixente 10/2014, a Orde do 21 de novembro de 2016 (disponibles na web do centro no apartado de lexislación) así como a Programación docente do TFE, onde se reflicten, entre outras especificacións, os Obxectivos, Contidos e Criterios/Ferramentas de avaliación que rexirán para o mesmo.**